



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A ELABORACIÓN DA EXPOSICIÓN SOBRE XELA ARIAS, A AUTORA HOMENAXEADA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2021

FEITOS

- 1 A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade convocou o 11 de xaneiro de 2021 un concurso para elaborar unha exposición sobre a obra, a época e a lingua de Xela Arias, a autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2021, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica na que esta viviu.
- 2 O obxecto deste certame foi a elaboración dunha exposición de 10 carteis sobre Xela Arias e dun caderno didáctico que guíe a observación dos carteis e fomenta o labor de investigación do alumnado sobre a obra, a época, a lingua e a etapa sociolingüística da autora homenaxeada.
- 3 Neste certame puideron participar todos os centros docentes de ensino público non universitario dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- 4 A convocatoria estableceu dúas categorías:
Categoría A: para os centros de educación infantil e primaria.
Categoría B: para os centros de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A xestión da convocatoria realizouse conforme as bases da convocatoria, establecidas na Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se aproban as bases e se convoca o concurso para elaborar a exposición sobre Xela Arias, a autora homenaxeada o Día das Letras Galegas 2021, publicada o 11.01.2021.

Unha vez recibido o ditame da Comisión de Selección, que valorou os traballos presentados de acordo coa base 11 da convocatoria,





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

RESOLVO:

- 1 Agradecerlles a todos os participantes o seu traballo e esforzo.
- 2 Declarar gañador do concurso na categoría A (educación infantil e primaria) a exposición **Xela Arias e as palabras**, elaborada polo CEIP Plurilingüe de Porto Cabeiro de Redondela (Pontevedra), que recibirá o premio establecido na base 4.
- 3 Declarar gañador do concurso na categoría B (educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial) a exposición **Abecedáriome**, elaborada polo IES Plurilingüe de Ames, de Ames (A Coruña), que recibirá o premio establecido na base 4.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez



Xacobeo 2021

